




RISCO DE SOBRESATURACIÓN TURÍSTICA

Santiago está vivindo un gran crecemento turístico nos últimos anos. É previsible que continúe crecendo dun xeito moi importante ata o ano 2021.

É preciso desenvolver ferramentas que permitan ordear este crecemento, de tal xeito que se podan evitar problemáticas que afectarían ao futuro do sector, como a masificación da Catedral e das prazas e rúas adxacentes, a excesiva estacionalidade ou o peso esaxerado do excursionismo dunhas horas e pouco gasto fronte a turismo de calidade na cidade.






TURISMO SOSTIBLE

O obxectivo do goberno municipal é continuar desenvolvendo un modelo de turismo sostible e ordeado, compatible cos usos locais da cidade, especialmente do Casco Histórico.

A análise comparada permite concebir á implantación dunha Taxa Turística como unha ferramenta imprescindible para conquistar este obxectivo.





TAXA TURÍSTICA EN EUROPA

Os principais destinos turísticos europeos contan con diferentes modalidades de Taxa Turística, que comparten a idea de que o desenvolvemento dun modelo sostible require unha fiscalidade propia para o fenómeno turístico.



Cidades que xa implantaron a taxa

Cidades que estudan a implantación da taxa



TAXA TURÍSTICA EN ESPAÑA


En España a implantación da Taxa Turística é recente e baixa, pero está sendo estudada por cidades con gran atractivo turístico.



Cidades que xa implantaron a taxa



Cidades que estudan a implantación da taxa



USOS DA TAXA

O obxectivo da taxa é reinvestir o recadado no propio desenvolvemento do sector, fomentando un modelo sostible e ordeado do mesmo. En concreto, destinaríase a ámbitos como promoción turística, acollida dos turistas ou cuidado e mantemento dos recursos turísticos.



REINVESTIMENTO DA TAXA

O reinvestimento do recadado cunha Taxa Turística xeraría un modelo de crecemento ordeado que se alimentaría a si mesmo, xerando un novo círculo virtuoso de desenvolvemento, de tal xeito que canto máis turismo ordeado teña a cidade, máis capacidade económica terá a cidade para atraer a turismo de maior calidade.

